

A.R. 10.10.2013



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 09/10/2013 08:22:44

SAÍDA 94784 / RX 625652



PTU-LU-12/017
CORGO, O (LUGO)
DSNR DA ESTRADA
AD - Notif. Resolución
Páx. 1 de 3

Sr. Alcalde do Concello do Corgo
(Lugo)

Notifícolle que con data 8 de outubro de 2013, a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou a resolución que literalmente di:

"RESOLUCIÓN DO 8 DE OUTUBRO DE 2013 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE A ESTRADA, PARROQUIA DE STA. MARÍA MADANELA DE SABAREI, CONCELLO DE O CORGO (expte. PTU-LU-12/017).

O Concello de Corgo remite proxecto técnico de delimitación, redactado polo arquitecto D. José Ángel Santos Ferro, datado en xuño de 2011, integrados por memoria (con estudo individualizado do núcleo rural, normativa e anexos) e planos, correspondente ao expediente de referencia, aos efectos previstos na Disposición adicional 2ª, punto 2, da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Analizada a nova documentación remitida, e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

a) Consonte á documentación remitida polo Concello, realizáronse os seguintes trámites:

- **26.06.2011.** Aprobación inicial do proxecto de delimitación (Decreto de Alcaldía nº 11/2011). Consonte certificación obrante no expediente, a delimitación foi exposta ao público mediante anuncios publicados no DOG nº 159 do 22.08.2011, "El Progreso" do 27.07.2011 e "La Voz de Galicia" do 11.08.2011, sen que se presentara ningunha alegación.
- **25.10.2011.** Emisión de informe da Dirección Xeral de Infraestruturas, de carácter favorable condicionado á introdución de prescricións normativas (recuado de peches -art. 39 da Lei 4/1994).
- **26.01.2012.** Aprobación provisional do proxecto de delimitación (acordo plenario).
- **13.02.2012.** Remisión do expediente de delimitación ao Servizo de Urbanismo da Xunta en Lugo, aos efectos da súa aprobación definitiva.
- **01.03.2012.** Requirimento documental ao Concello, pola falta do informe preceptivo da Dirección Xera de Patrimonio Cultural.
- **12.03.2013.** Informe da DX de Patrimonio Cultural, sobre inafección de bens de valor cultural.
- **18.06.2013.** Nova aprobación provisional do expediente de delimitación.



- **05.07.2013.** Remisión do expediente de delimitación á SXOTU.

b) O concello de Corgo carece de instrumentos de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial aprobadas o 03.04.1991.

II. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS.

a) No lugar de A Estrada, da parroquia de Sabarei, existe un pequeno asentamento poboacional composto por 4 vivendas, o cal se atopa recoñecido como entidade poboacional no Nomenclátor oficial da Xunta (Decreto autonómico 6/2000).

b) O proxecto remitido polo Concello recoñece dito asentamento como núcleo rural complexo, integrando na delimitación proposta dous enclaves separados pola estrada autonómica LU-546, cadanseu coas dúas subcategorías de núcleo rural previstas no art. 13 da LOUG.

A superficie total delimitada é de 12.640 m², dos que 4.764 m² se subclasifican como núcleo rural histórico tradicional e 7.876 m² como núcleo rural común.

O proxecto identifica o viario existente –determinado as súas aliñacións–, establece as condicións de uso e edificación aplicables, e xustifica o grao de consolidación en cada un dos ámbitos correspondentes ás citadas subcategorías de solo. Non identifica bens de valor cultural.

c) O proxecto non recolle as indicacións formuladas no informe sectorial emitido pola Dirección Xeral de Infraestruturas o 25.10.2011 respecto dos peches afectados pola liña límite de edificación.

De acordo co punto 2 da Disposición Adicional Segunda da LOUG, e co artigo 12.1.b do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de Núcleos Rurais correspóndelle á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

III. RESOLUCIÓN.

Visto canto antecede, RESOLVO:

APROBAR O PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL DE A ESTRADA, na parroquia de Sta María Madanela de Sabarei, no Concello do Corgo, polas consideracións e nos termos anteriormente expostos, coa condición recollida no informe sectorial en materia de estradas autonómicas emitido o 25.10.2011 pola Dirección Xeral de Infraestruturas sobre os peches afectados pola liña límite de edificación.

Contra esta Resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a CMATI, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro). Si o interesado é unha administración pública non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

galicia

PTU-LU-12/017
CORGO, O (LUGO)
DSNR DA ESTRADA
AD - Notif. Resolución
Pág. 3 de 3

interpoñer recurso contencioso - administrativo perante a sala do Contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso - administrativa).

Notifíquese o concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia"


O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 09 de outubro de 2013

O subdirector xeral de Urbanismo


Eduardo Sobrino Rodríguez





III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2013, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de aprobación definitiva do expediente de delimitación do núcleo rural da Estrada, parroquia de Sabareí, concello do Corgo (expediente PTU-LU-12/017).

O Concello do Corgo remite proxecto técnico de delimitación, redactado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro, datado en xuño de 2011, integrados por memoria (con estudo individualizado do núcleo rural, normativa e anexos) e planos, correspondente ao expediente de referencia, para os efectos previstos na disposición adicional segunda, punto 2, da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Analizada a nova documentación remitida e vista a proposta suscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, resulta:

I. Antecedentes.

a) Consonte a documentación remitida polo concello, realizáronse os seguintes trámites:

- 26.8.2011. Aprobación inicial do proxecto de delimitación (Decreto de alcaldía 11/2011). Consonte certificación existente no expediente, a delimitación foi exposta ao público mediante anuncios publicados no DOG nº 159, do 22.8.2011, El Progreso do 27.7.2011 e La Voz de Galicia do 11.8.2011, sen que se presentase ningunha alegación.
- 25.10.2011. Emisión de informe da Dirección Xeral de Infraestruturas, de carácter favorable condicionado á introdución de prescricións normativas (recuamento de peches-artigo 39 da Lei 4/1994).
- 26.1.2012. Aprobación provisional do proxecto de delimitación (acordo plenario).
- 13.2.2012. Remisión do expediente de delimitación ao Servizo de Urbanismo da Xunta en Lugo, para os efectos da súa aprobación definitiva.
- 1.3.2012. Requirimento documental ao concello, pola falta do informe preceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- 12.3.2013. Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre inafectación de bens de valor cultural.
- 18.8.2013. Nova aprobación provisional do expediente de delimitación.
- 5.7.2013. Remisión do expediente de delimitación á SXOTU.

b) O Concello do Corgo carece de instrumentos de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial aprobadas o 3.4.1991.

II. Análise e consideracións.

a) No lugar da Estrada, da parroquia de Sabareí, existe un pequeno asentamento poboacional composto por catro vivendas, o cal se atopa recoñecido como entidade poboacional no Nomenclátor oficial da Xunta (Decreto autonómico 6/2000).

b) O proxecto remitido polo concello recoñece o dito asentamento como núcleo rural complexo, integrando na delimitación proposta dous enclaves separados pola estrada autonómica LU-546, cadanseu coas dúas subcategorías de núcleo rural previstas no artigo 13 da LOUG.

A superficie total delimitada é de 12.640 m², dos cales 4.764 m² se subclasifican como núcleo rural histórico tradicional e 7.876 m² como núcleo rural común.

O proxecto identifica as vías existentes –determinando as súas aliñacións–, establece as condicións de uso e edificación aplicables e xustifica o grao de consolidación en cada un dos ámbitos correspondentes ás citadas subcategorías de solo. Non identifica bens de valor cultural.

c) O proxecto non recolle as indicacións formuladas no Informe sectorial emitido pola Dirección Xeral de Infraestruturas o 25.10.2011 respecto dos peches afectados pola liña límite de edificación.

De acordo co punto 2 da disposición adicional segunda da LOUG, e co artigo 12.1.b) do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de núcleos rurais correspóndelle á secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

III. Resolución.


Visto canto antecede,

RESOLVO:



Aprobar o proxecto de delimitación do solo de núcleo rural da Estrada, na parroquia de Sta. María Madanela de Sabareí, no concello do Corgo, polas consideracións e nos termos anteriormente expostos, coa condición recollida no informe sectorial en materia de estradas autonómicas emitido o 25.10.2011 pola Dirección Xeral de Infraestruturas sobre os peches afectados pola liña límite de edificación.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a CMATI, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poiden exercer, se é o caso, calquera outro que considere procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro). Se o interesado é unha administración pública non cabe interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa).



Notifíquese ao concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia.





ORDENANZAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

- DELIMITACIÓN DO NÚCLEO
-  NÚCLEO RURAL TRADICIONAL
-  NÚCLEO RURAL COMÚN
- S.R. PROTECCIÓN DE AUGAS




DOTACIÓNS LOCAIS

-  EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS
 - So - Sociocultural E - Educativo
 - D - Deportivo R - Religioso
-  ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES

ALIÑACIÓNS E RASANTES

-  ALIÑACIÓN DO VIAL
-  ANCHO DE RÚA (E= Existente)
- LIÑA DE AFECCIÓN

PROTECCIÓN DE BENS CATALOGADOS

-  XACEMENTOS ARQUELÓXICOS
-  ELEMENTO CATALOGADO
-  ÁREA DE PROTECCIÓN DE BENS CATALOGADOS

APROBADO POSITIVAMENTE POR RESOLUCIÓN DO SECRETARIO/A XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

N DE DATA **08 OUT. 2013**



COAS CONDICIÓN QUE NELA FIGURAN O Xefe do Servizo Provincial de Urbanismo de Lugo

Asdo.: Fernando Garcia-Fente Varela

DELIMITACIÓN DEL NUCLEO RURAL DE A ESTRADA. PARROQUIA DE SABAREI. O CORGO. LUGO

PROMOTOR: MANUEL SILVA DIAZ
SITUACIÓN: A ESTRADA O CORGO
PLANO: DELIMITACION

ESCALA: 1/2000



04
JUNIO 2011

ARQUITECTO: JOSE ANGEL SANTOS FERRO